

A expresión da máscara

MANUEL XESTOSO

Falecido en 2017, o galego Paco González segue deixando a súa impronta no teatro internacional. O actor e docente, natural de Vilardevós (Rubiá, 1949), foi un dos piares fundamentais na fundación da prestixiosa compañía berlinesa Familie Flöz. González foi un dos artífices dunha linguaxe que fusiona o clown coa máscara de xeito vangardista, técnica que tivo o seu gran despegue con *Ristorante Immortale* e que hoxe podemos atopar no seu estado de gracia en *Teatro Delusio*. Esta obra, que o propio González concibiu xunto a Björn Leese, Hajo Schuler e Michael Vogel, segue a ser unha peza mestra que demostra a vixencia dun espectáculo que leva máis de vinte anos nos mellores escenarios do mundo. Consolidado como un "triunfo absoluto" e recoñecido polo público do Festival de Almada como "Espectáculo de Honra 2026", o espectáculo volve agora á cidade do Texo para mostrar a súa absoluta vixencia.

Teatro Delusio é un exercicio fascinante que pon o foco no mundo sombrío do persoal técnico dos teatros, un espazo habitualmente invisíbel que aquí estalla nun glorioso technicolor de sentimentos. Mentres na escena principal intuimos o *glamour* da ópera, o ballet ou o drama, a compañía lévanos ao *backstage* para

Teatro Delusio

Dirección:

Paco González,

Björn Leese,

Hajo Schuler,

Michael Vogel /

Elenco: Andrès

Angulo, Johannes

Stubenvoll,

Thomas van

Ouwerker

observar as vidas de desesperada rutina, as disputas e o pequeno refuxio que estes traballadores atopan en mascotas e libros. É un teatro dentro do teatro, onde o que ocorre tras as teas, lonxe do brillo do estrelato, resulta ser moito máis humano e conmovedor que a propia representación sobre a escena.

A proposta susténtase nunha enorme potencia narrativa construída sobre pequenos xestos que, de maneira sorprendente, conseguen dar a impresión de ser tan expresivas como un

rostro humano. A fin de contas, 'máscara' compartía significado co concepto de 'persoa' no teatro clásico.

Sen necesidade de palabras, tan só tres actores dan vida a uns 29 personaxes utilizando unha abraiante panoplia de 21 máscaras. O espectador atópase con personaxes arquetípicos: o cínico e obeso Ivan; o mozo Bob, un entusiasta do *fitness* que desexa converterse en actor; e o intelectual Bernd, sempre acompañado do seu libro e, nalgúns momentos, do seu inseparábel furón. A diversidade do comportamento humano encarnada nunha caricatura non exenta de emotividade.

O espectáculo arrinca cunha atmosfera de misterio, marcada pola aparición dunha marioneta que flota no escenario como unha pantasma: a que opera sobre todo escenario teatral. E aínda que a obra esvara por momentos cara ao sentimentalismo, está executada cun estilo que non decae até o aplauso final. Paco González deixou como herdanza unha forma de entender o teatro que permite ver o corazón humano no medio do caos de cables e perrucas que conforman a realidade tras o pano.



Gabriele Zucca

A caricatura dos arquetipos non deixa de estar exenta de emotividade.



Simona Boccadi

O espectáculo deixa de lado o glamour da escena para centrar a mirada no backstage.



Pierre Borrasci

A comedia está moi presente nun retrato das pequenas debilidades e miserias que acompañan os seres humanos.